



A LOITA BIOLÓXICA CONTRA A AVESPA DO CASTIÑEIRO



Dryocosmus kuriphilus

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



- ⇒ NON EMPREGAR INSECTICIDAS PARA A SÚA ERRADICACIÓN, POR-QUE NON ENTRAN NA BUGALLA.
- ⇒ ELIMINAR UNICAMENTE AS BUGALLAS VERDES RECENTES E SÓ EN PLANTACIÓNS XÓVENES.
- ⇒ NON ELIMINAR NUNCA AS BUGALLAS SECAS, PORQUE É ONDE PERMANECE O *TORMUS* ATA A SÚA EMERXENCIA NA SEGUINTE PRIMAVERA.
- ⇒ RECOMÉNDASE REGAR DURANTE O VERÁN PARA PROLONGAR O PERÍODO DE CRECemento DE GROMOS NOVOS, ASÍ ESTES QUEDAN FORA DO PERÍODO DE POSTA DA AVESPA.
- ⇒ DURANTE O INVERNO PÓDESE PODAR, PERO NON QUEIMAR OS RESIDUOS. AÍNDA QUE É MÁIS RECOMENDABLE A PODA EN VERÁN.
- ⇒ RECOMÉNDASE ABONAR PARA INCREMENTAR O VIGOR DAS ÁRBORES.

QUE NON O ENGANEÑI!. ACTUALMENTE NON SE PODE REALIZAR A SOLTA DE XEITO PARTICULAR, SÓ ESTÁ AUTORIZADA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONTACTO E INFORMACIÓN

Para máis información sobre a praga, ou para informar da súa presenza, pode dirixirse ao seu DISTRITO FORESTAL, accedendo á seguinte páxina web:

<http://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/distritos/>

Tamén pode recibir información en:

Servizo de Montes	A CORUÑA	OURENSE
	981 184 575	988 386 695
	LUGO	PONTEVEDRA
	982 294 531	986 805 411


Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos: 981 546 127

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



DRYOCOSMUS

Período de solta de *Torymus*



ESPECIES AFECTADAS POR DRYOCOSMUS

A praga causada por *Dryocosmus kuriphilus* afecta unicamente ao castiñeiro.

DESCRICIÓN E CICLO BIOLÓXICO DA AVESPA DO CASTIÑEIRO

Dryocosmus kuriphilus ten un ciclo de vida anual. A súa forma de reproducción é por partenoxénese, sendo femias todos os individuos.

Deposita os seus ovos dentro das xemas dos castiñeiros, das que 1 mes despois nacen as larvas, pasando ali o inverno.

Cando brota o castiñeiro ao ano seguinte, o crecemento das larvas fai que se formen as bugallas (inchazón no tecido), e transcorridos uns 40 días (finais de maio-xullo), emerxen os adultos facendo un pequeno orificio de saída. De adulto viven pouco tempo, uns 10 días, cada insecto poden poñer entre 150-200 ovos.

En Galicia o normal é atopar entre 2-5 larvas por cada bugalla.



DISPERSIÓN

A propagación lévase a cabo mediante o voo do adulto, o transporte accidental do insecto (por persoas ou vehículos) ou pola plantación ou enxerto co material vexetal infectado.

SÍNTOMAS

As bugallas son o síntoma máis característico e fácil de observar. Consisten en inchazóns dos tecidos que poden medir de 5 a 20 mm de diámetro, de cor verde ou vermello. Desenvólvense en ramas novas, nos peciolos das follas ou no nervio central das follas. Despois da emerxencia de adultos, sécase a vesícula e lignificase, permanecendo unida a árbore ata dous anos.

MÉTODO DE LOITA

O control baséase na loita biolóxica por medio do seu inimigo natural e específico o *Torymus sinensis*, que pon os seus ovos no interior das bugallas. As larvas do *Torymus* aliméntanse das larvas de *Dryocosmus*, e na primavera seguinte saen os adultos de *Torymus*. Existen ademais outros inimigos ocasionais e autóctonos da avespa que atacan as bugallas dos castiñeiros e poden axudar ao seu control.

Foto 4: Solta de vias de *Torymus sinensis*

